



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 26 DE MAIO DE 2021,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Decreto polo que se modifica o Decreto 148/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urgente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: mellora de seguridade viaria (MSV) na contorna de treitos de concentración de accidentes (TCA) na estrada PO-551, puntos quilométricos 21+100 a 23+000, de clave PO/17/148.06, nos concellos de Cangas e Moaña.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Asociación BIOGA – Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida para a implementación dun plan de actividades para impulsar a competitividade, a innovación e o potencial da biotecnoloxía como tecnoloxía facilitadora esencial do tecido empresarial galego no período 2021-2025, por importe total de cincocentos corenta e seis mil setecentos cincuenta euros (546.750,00€).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se aproba o Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade do País Vasco / Euskal Herriko Unibertsitatea (España) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e oito mil catrocentos sesenta e dous euros con cincuenta e seis céntimos (58.462,56€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Deusto / Deustuko Unibertsitatea (España) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e seis mil oitocentos trinta e oito euros con sesenta céntimos (56.838,60€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade Nova de Lisboa (Portugal) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Università degli Studi di Padova (Italia) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, e a Fundación Internacional Josep Carreras para a loita contra a leucemia, por importe de setecentos dezasete mil seiscentos euros (717.600,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproba a actualización do Pladiga para o ano 2021.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe sobre o Plan de expurgación nos arquivos xudiciais de Galicia.
- Informe sobre o desenvolvemento en 2021 do Plan de actuación de axilización na Administración de xustiza para facer fronte á COVID-19, derivado da disposición adicional décimo novena do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre os apoios específicos a sectores estratéxicos de Galicia a través de axudas á dixitalización e de liñas de financiamento.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación, polo trámite de emerxencia, da compra de diversas subministracións para a Área Sanitaria da Coruña e Cee, para facer fronte á pandemia do COVID-19, por importe dun millón cento quince mil trescentos vinte e tres mil e corenta e tres céntimos (1.115.323,43 €).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación, polo trámite de emerxencia, da 11ª adquisición de bens e contratación de servizos para facer fronte á pandemia do COVID-19, por importe dun millón cento oito mil setecentos trinta e sete euros con catorce céntimos (1.108.737,14 €), na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o Plan de choque en dependencia.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PRUX DO PARQUE NATURAL DE CORRUBEDO, QUE REGULARÁ OS USOS E CONSERVACIÓN DESTE ESPAZO, CUN INVESTIMENTO DE 6,5 M€ NA VINDEIRA DÉCADA

- *Será o quinto destes instrumentos de xestión que se adopta nos últimos anos, despois dos do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia e os dos parques naturais da Serra da Enciña da Lastra, do Invernadeiro e de Monte Aloia*
- *O obxectivo desta ferramenta é conservar a diversidade xeolóxica e biolóxica nos seus diferentes compoñentes e paisaxes, para asegurar as súas dinámicas naturais*
- *O PRUX establece tres tipos de zonificación para as case 1.000 hectáreas do parque, reservando para a de uso xeral preto dun 6%*

O Consello da Xunta, tal e como avanzara a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, aprobou hoxe o primeiro Plan reitor de usos e xestión (PRUX) do Parque Natural de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán, que regulará as actividades e a conservación deste espazo e que xa prevé un investimento de 6,5 millóns de euros durante a vindeira década.

Deste xeito, Corrubedo convértese no quinto parque natural galego que conta cun plan de xestión, seguindo o ronsel iniciado polo Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (2018), Serra da Enciña da Lastra (2019), O Invernadeiro (2019) e Monte Aloia (2020).

Os valores fundamentais desta ferramenta de uso e conservación, ademais da súa vixencia, son o reaxuste das unidades de zonificación, coa que avanzar tamén na unidade de referencia que se toma como referencia en toda a rede de parques naturais de Galicia; a inclusión dun programa de actuacións, baseado en catro ámbitos, con medidas e iniciativas; e un plan de emerxencias -o primeiro para este parque natural- para optimizar a utilidade de todos os recursos técnicos e humanos dispoñibles, para controlar de forma máis rápida a evolución dunha emerxencia e minimizar as consecuencias.

Con esta ferramenta, actualizarase a normativa que regula na actualidade, un Plan de ordenación de recursos naturais, e dáse cumprimento á Lei de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, que recolle que os parques e reservas naturais deberán regularse cun plan reitor e fixar medidas de xestión necesarias para compatibilizalos coa conservación destes espazos.

No caso de Corrubedo, o PRUX establece para as súas case 1.000 hectáreas tres zonificacións distintas, reservando unha superficie de preto dun 6% para uso xeral. O obxectivo é conservar a diversidade xeolóxica e biolóxica nos seus diferentes



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

compoñentes (hábitats e especies), as paisaxes, así como aquelas compoñentes que contribúan á conservación e ao mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais da dinámica deste espazo.

Tres ámbitos de usos e conservación

Coa finalidade de facilitar a interpretación de xeito rápido e intuitivo, a zonificación proposta para este parque natural diferencia entre:

- Zona I de uso limitado (565,43 hectáreas). Está constituída por aquelas áreas que requiren dunha maior protección. Nela diferéncianse: unha área litoral, que inclúe a gran duna móbil e os outros hábitats dunares e costeiros, agás a praia; e unha área de lagoas e marismas, onde destacan as lagoas de Carregal e Vixán e os hábitats higrófilos que as envolven e as súas prolongacións na transición cara ás áreas de cultivos.

Isto implica que o uso público queda restrinxido ás áreas designadas para paso, observación e fotografía e educación ambiental, e tamén serán autorizables os aproveitamentos dos recursos mariños e os labores tradicionais. Non obstante, quedan prohibidas as instalacións, construcións e obras non indispensables para a xestión do parque, o tránsito de animais domésticos (agás os cans de guía e rescate) ou a navegación recreativa, surf e variantes.

- Zona II de uso compatible (374 hectáreas). Inclúe as praias comprendidas entre o núcleo urbano de Corrubedo e punta Corbeiro, e as áreas de paisaxe agraria tradicional e cultivos forestais, en que se localizan hábitats prioritarios ou de interese comunitario, ou hábitats de especies de interese para a conservación.

As prohibicións que se estipulan nesta zona son a construción de edificios ou ampliación dos existentes; a plantación de especies forestais alóctonas e as cortas a matarrasa de frondosas autóctonas; actividades deportivas, como *windsurf*, *kitesurf* e similares, polo que as probas e competicións deberán ser autorizadas polo parque; o emprego de maquinaria; e os acceso de animais -agás nos casos previstos na zona I-.

Pola contra, estarán permitidas as actuacións de mantemento das construcións existentes nos núcleos rurais, os usos agrarios de carácter tradicional e o aproveitamento de recursos mariños.

- Zona III de uso xeral (56,82 hectáreas). Integrada polos terreos desnaturalizados pola actividade humana ou nos cales se xera unha actividade antrópica elevada, como parcelas de uso residencial, equipamentos e infraestruturas de uso público, que se sitúan no límite interior do parque.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste caso, naquelas zonas con clasificación de núcleo rural, as actuacións urbanísticas e de dotación de servizos estarán sometidas ás ordenanzas municipais, permitiranse os usos agrarios tradicionais e as tarefas de xestión de biomasa nas faixas primarias e secundarias.

En definitiva, o PRUX de Corrubedo analiza e sintetiza toda a normativa existente neste espazo físico para centralala nun único documento, e clarifica todas as actuacións posibles e usos permitidos e autorizables para todos os axentes implicados no espazo natural, así como as prohibicións.

Singularidade do parque

O sistema dunar de Corrubedo é sen dúbida o símbolo identificativo deste parque natural, único en toda a xeografía e coa maior duna móbil de Galicia. Non obstante, é o lugar de acubillo dun representación moi rica e variada tanto de flora coma de fauna.

Destaca a vexetación das praias e dos sistemas dunares, que albergan unhas 200 especies de fanerógamas (plantas con semente), algunhas incluídas nos catálogos de plantas endémicas, raras ou ameazadas no ámbito galego e outras cun valor florístico ou bioxeográfico singular.

Tamén é salientable a presenza de réptiles e anfibios, como o sapo de esporóns (*Pelobates cultripes*) e a abundancia de endemismos ibéricos: a saramaganta (*Chioglossa lusitanica*), o lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*) e a lagarta galega (*Podarcis bocagei*), así como o sapoconcho europeo (*Emys orbicularis*).

Así mesmo, Corrubedo é unha área de importancia para as aves, non só durante as migracións, senón tamén como zona de reprodución e invernada, pois acolle regularmente especies infrecuentes ou de distribución moi localizada. Destacan as poboacións nidificantes, en areas e dunas, de dúas especies de limícolas (que viven no limbo ou no lodo) ameazadas en Galicia, como o alcaraván común (*Burhinus oedicephalus*), que ten aquí un dos seus poucos puntos de cría e o único situado actualmente na costa, e a pillara das dunas (*Charadrius alexandrinus*).

No caso dos mamíferos, inventariáronse dúas especies de morcegos ameazadas: o morcego de ferradura grande (*Rhinolophus ferrumequinum*) e o morcego de ferradura pequeno (*Rhinolophus hipposideros*); e son frecuentes o raposo (*Vulpes lutra*), o teixo (*Meles meles*), o ourizo (*Erinaceus europaeus*), o esquío (*Sciurus vulgaris*) e o xabaril (*Sus scrofa*), así como a lontra (*Lutra lutra*), que mantén unha presenza común tanto na costa como nas lagoas.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outro dos valores do parque son as súas paisaxes, nas cales se distinguen tres zonas diferenciadas: a paisaxe litoral, conformada polas praias, dunas, esteiros, marismas e lagoas, que acadan un gran desenvolvemento; a paisaxe agraria, sobre todo na parte interior do territorio, onde predominan os elementos propios, como as pequenas parcelas separadas por muros de pedra e sebes vexetais; e a paisaxe antropizada, presente na periferia e na que, partindo de núcleos rurais tradicionais, foron aparecendo asentamentos máis recentes e de carácter lineal, ligados á disposición das estradas, e que representan o proceso de transformación paisaxística máis importante do ámbito.

Catro eidos de actuación

O Plan reitor de usos e xestión tamén establece un programa de actuacións para desenvolver nos próximos dez anos para coñecer, manter e mellorar os valores naturais e os compoñentes ecolóxicos valiosos do parque natural.

Entre as accións que se desenvolverán destacan a conservación da biodiversidade, patrimonio cultural e paisaxe; estudos, seguimento e avaliación de fauna, flora, hábitats e outros; accións informativas, de divulgación e sinalización e de educación ambiental; e, por último, conservación e mellora da rede viaria e das instalacións, co mantemento de infraestruturas, vehículos e maquinaria.

Por último, cómpre salientar que para a elaboración do documento definitivo deste Plan, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural aceptou total ou parcialmente un 92% das achegas recibidas.

En definitiva, a aprobación do PRUX de Corrubedo enmárcase no proceso de actualización normativa que está a impulsar a Xunta en todos os parques naturais de Galicia, ao que se prevé que proximamente se sumen coa mesma ferramenta os dous que restan: Baixa Limia-Serra do Xurés, este ano, e Fragas do Eume, en 2022.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR AS OBRAS DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA PO-551, NO CONCELLO DE CANGAS E NA PARROQUIA DE TIRÁN, EN MOAÑA

- *Esta actuación conta cun orzamento de máis de 1,1 millóns de euros nos que se inclúe o pagamento dos 46 predios necesarios para a súa execución*
- *O proxecto desenvólvese no treito de 2 km desta estrada, identificado como tramo de concentración de accidentes, comprendido entre a saída da travesía de Cangas e o acceso ao colexio de Tirán, no concello de Moaña*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento de actas previas e á licitación das obras no segundo semestre deste ano*
- *As intervencións de mellora da seguridade viaria inclúen a execución de beirarrúas e paradas de autobús, a ampliación da sección transversal da estrada, a modificación de enlaces, a construción de glorietas e a regulación de aparcadoiros*
- *Tras a análise das achegas presentadas, no punto 23+220 de acceso ao colexio executarase unha intersección con carril central manténdose o cambio de sentido e disporanse beirarrúas para mellorar a seguridade do itinerario peonil escolar*
- *A actuación enmárcase na estratexia do Goberno galego de eliminación dos tramos de concentración de accidentes nas vías autonómicas, que acada preto do 80% de desenvolvemento entre as obras rematadas e en execución*

O Consello da Xunta autorizou hoxe as expropiacións para executar as obras de mellora da seguridade viaria na estrada autonómica PO-551, ao seu paso polos concellos de Cangas e de Moaña.

O investimento que o Goberno galego destinará a este proxecto elévase a máis de 1,1 millón de euros, nos que se inclúe o pagamento dos 46 predios necesarios para levar a cabo a actuación.

O proxecto de mellora de seguridade viaria desenvólvese no treito de 2 quilómetros da estrada autonómica, identificado como tramo de concentración de accidentes, comprendido entre a saída da travesía de Cangas e a intersección de acceso ao colexio de Tirán, no concello de Moaña.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento de actas previas e á licitación das obras no segundo semestre do ano. Os traballos contan dun prazo de execución de seis meses.

Entre as actuacións de mellora da seguridade viaria inclúese a execución de beirarrúas e de paradas de autobús, a ampliación da sección transversal da estrada, a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

modificación de enlaces, a construción de glorietas e a regulación das zonas destinadas a aparcadoiros.

O proxecto do departamento de Infraestruturas da Xunta presenta intervencións puntuais en varios treitos da estrada, que varían segundo as necesidades detectadas na análise previa.

Concretamente, no concello de Cangas, proxéctase a execución dunha nova beirarrúa de 2 metros na marxe dereita da estrada entre os puntos quilométricos 21+267 e 21+352, para conectar as existentes na travesía de Cangas coa glorietta do Gordo. Tamén se mellorará a intersección do punto quilométrico 21+660, coa execución de cuñas e trasladarase o paso de peóns existente ao punto 21+700. Ademais disporanse paradas de autobús en ambos os sentidos.

Xa no concello de Moaña, proxéctase unha rotonda de 28 metros de diámetro, con dous carrís de 4 metros, e acondicionarase a súa contorna, ampliándose as beirarrúas da marxe esquerda en dirección Moaña. Disporanse, tamén, dous pasos de peóns intelixentes dotados de detectores de presenza nos puntos quilométricos 22+090 e 22+240. Nos quilómetros 22+560 e 22+810 melloraranse as interseccións con cuñas para incorporación e saída da estrada e reparanse e melloraranse as beirarrúas.

Ademais, no tramo do punto quilométrico 22+880 ao 22+920 amplíase a sección da marxe dereita da estrada, onde se disporá unha parada de bus, unha beirarrúa e unha zona habilitada para os contedores de lixo.

A Xunta, tras a análise das achegas presentadas ao proxecto inicial, muda a solución proposta de execución dunha glorietta na intersección no punto quilométrico 23+220 de acceso ao colexio. Deste xeito, executarase unha intersección con carril central, permitindo o cambio de sentido na vía municipal, como acontece na actualidade. Tamén se disporán beirarrúas para mellorar a seguridade do itinerario peonil escolar, de 2 metros de ancho en ambas as marxes, e reforzarase a seguridade tamén do cruce peonil da estrada.

Esta actuación está enmarcada na estratexia deseñada pola Xunta para a eliminación de todos os tramos de concentración de accidentes nas estradas autonómicas, que acada preto do 80% do seu desenvolvemento, entre as obras rematadas e en execución.

Precisamente nesta mesma estrada PO-551, ao seu paso por Moaña, a Xunta está a iniciar a execución do proxecto de eliminación dun treito de concentración de accidentes en Domaio, cun investimento de arredor de 570.000.




INFORMACIÓN AOS MEDIOS


Neste caso, actúase no tramo comprendido entre os puntos quilométricos 27+760, no paso de peóns da travesía de Meira á altura do centro de saúde, e o 32+670, na intersección coa vía provincial EP-1103, á saída de Domaio.

Tamén foi sometido a información pública o proxecto de mellora da seguridade viaria na PO-551 en Cangas, no treito entre o Alto da Portela e a capitalidade do concello. Estase a ultimar a redacción do proxecto construtivo, xa coa incorporación das modificacións derivadas do procedemento de información pública.

Mapa de situación:



Nova glorieta do punto quilométrico 22+100 e melloras das beirarrúas na súa contorna:



A ESTRATEXIA DE IMPULSO DA BIOTECNOLOXÍA CONTRIBUÍU A QUE O NÚMERO DE EMPRESAS DESTA SECTOR SE DUPLICASE EN GALICIA ENTRE 2016 E 2020

- *O Consello da Xunta avaliou os resultados conseguidos grazas a esta folla de ruta para unha industria que conta con 127 compañías e na que se incrementou en cinco anos tanto a facturación, nun 72%, coma o emprego, nun 39%*
- *Para consolidar este sector en Galicia, o Goberno autonómico aproba un convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación (Gain) e o Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (Bioga) para deseñar a Estratexia de impulso da biotecnoloxía para o período 2021-2025*
- *O obxectivo é posicionar Galicia como unha comunidade autónoma máis competitiva no eido de xestión de bioempresas e desenvolvemento de produtos e servizos innovadores*

O Consello da Xunta avaliou, na súa reunión desta mañá, a Estratexia de impulso da biotecnoloxía 2016-2020, que contribuíu a duplicar o número de empresas vinculadas a este sector en Galicia, ata acadar as 127 compañías, que dan emprego a preto de 1900 persoas. O obxectivo do Goberno galego é consolidar e dar continuidade a esta iniciativa, cunha nova folla de ruta para os próximos cinco anos, en que contará coa colaboración do Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (Bioga).

Liderada pola Vicepresidencia Económica e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), a Estratexia de impulso da biotecnoloxía tamén permitiu incrementar a facturación desta industria en Galicia nun 72% –só en 2019, a facturación foi de 412 millóns de euros– e o emprego nun 39%.

O sector biotecnolóxico é unha área prioritaria de I+D+i para a Xunta polo seu carácter estratéxico para o desenvolvemento económico e social de Galicia. Por iso, ante as altas expectativas de crecemento, a competitividade resulta clave para aplicar os beneficios deste campo no desenvolvemento doutros sectores estratéxicos como o agroalimentario, o marítimo, o ambiental ou o da saúde.

Nesta liña, no Consello da Xunta aprobouse a sinatura dun convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e Bioga para maximizar as oportunidades que ofrece esta industria en Galicia. En concreto, centranse en realizar actuacións que consoliden o papel do sector biotecnolóxico empresarial galego como tecnoloxía facilitadora esencial e apoiar todo o tecido produtivo de Galicia no seu emprego. Así, entre a Xunta e Bioga darán forma á nova Estratexia de impulso da biotecnoloxía 2021-2025, contribuíndo desde xeito a posicionar Galicia como unha comunidade autónoma máis competitiva no eido de xestión de bioempresas e desenvolvemento de negocio

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de produtos e servizos innovadores, así como á creación dun biopolo capaz de atraer grandes empresas deste ámbito.

Entre as medidas que se prevén realizar a través desta colaboración entre Gain e Bioga está o desenvolvemento dunha plataforma para o posicionamento e visibilización do sector, a creación dunha rede de mentores especializada en biotecnoloxía ou o programa Lonxa de talento, para detectar e potenciar o talento nas empresas biotech.

Para a execución do convenio con Bioga, o orzamento previsto é de 546.750 euros, dos que Gain achega o 83,4%. Nesta iniciativa, tamén se conta coa participación doutros departamentos da Xunta de Galicia –como as consellerías de Sanidade; Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Mar e Medio Rural–, así como de máis de 50 axentes entre empresas, organismos e centros de investigación e universidades.

No marco dos apoios previstos pola Xunta de Galicia para este ano para potenciar a competitividade do sector biotecnolóxico, está tamén, entre outras iniciativas, a nova convocatoria do programa Conecta Hubs, con 6,8 millóns de euros. Ademais, cómpre lembrar que o Executivo galego destina 5M€ para o novo centro de alta tecnoloxía da vacina covid-19 de Zenda e tamén 5 millóns de euros máis para a ampliación de capacidades da plataforma Innopharma, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela.

A XUNTA APROBA O PRIMEIRO PROGRAMA DE INTEGRIDADE INSTITUCIONAL PARA AVANZAR NA TRANSPARENCIA E NA EFICIENCIA DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

- *Galicia é a primeira comunidade autónoma en regular unha política de integridade completa*
- *O programa inclúe 24 medidas de actuación e será de aplicación na Administración xeral e nas entidades instrumentais*
- *A iniciativa está enmarcada no Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos públicos aprobado en marzo*

A Xunta de Galicia vén de aprobar o primeiro Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024, que permitirá avanzar na transparencia, a obxectividade e na eficiencia da Administración autonómica. Este programa desenvolverase nos vindeiros catro anos e aplicarase tanto na Administración xeral da Xunta de Galicia como nas entidades instrumentais dependentes dela.

Galicia convértese así na primeira Comunidade Autónoma en regular de xeito completo a súa política de integridade cun documento que recolle todas as medidas que afectan o conxunto dos mecanismos de comportamento íntegro e ético.

A aprobación deste programa está enmarcada no Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos públicos do sector público autonómico de Galicia 2021-2023, que permitirá avanzar no compromiso do Goberno galego cos principios da boa administración e a gobernanza, e incrementar a satisfacción dos cidadáns.

O programa marco aprobado hoxe recolle a posta en marcha, de xeito gradual, de 24 medidas orientadas ao fortalecemento dos sistemas de control interno e das infraestruturas éticas que promovan unha xestión pública máis eficaz no marco da legalidade, a transparencia e a rendición de contas. As medidas abordan a cultura e a ética institucional, os plans de prevención de riscos de xestión, a consolidación da administración dixital ou a calidade normativa.

Ética e cultura institucional

Esta epígrafe recolle medidas que perseguen dotar o sector público autonómico dun marco de integridade institucional que vele polos principios éticos e de bo goberno e promova unha cultura de legalidade que desalente posibles condutas consideradas impropias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste ámbito, incorporárase a integridade institucional na planificación estratéxica, regularanse os lobbies ou grupos de interese, promoverase a formación en materia de integridade, fomentárase a divulgación da cultura de integridade e crearanse órganos de supervisión e control. Ademais, actualízase o Código ético institucional da Xunta para fortalecer os seus valores e principios de conduta.

Plan de prevención de riscos de xestión

Este plan permitirá identificar os principais riscos e medidas de prevención que afecten a integridade institucional de cada consellería e cada entidade instrumental do sector público autonómico. Así mesmo, incrementará a transparencia na xestión e responderá as demandas dos cidadáns, que exixen maiores niveis de rendición de contas no exercicio das funcións públicas.

Outras actuacións

O Programa tamén aposta pola consolidación da administración dixital baseada no incremento da dixitalización dos procedementos ou o fomento da interoperabilidade coas administracións públicas para reducir os documentos que os cidadáns teñen que presentar.

Ademais, no ámbito da integridade institucional, a política de recursos humanos das institucións públicas xoga un papel esencial na promoción dun ambiente ético e no compromiso das administracións de atraer e promover empregados públicos con maiores competencias profesionais.

Finalmente, perséguese unha mellora da calidade normativa, tanto da técnica como dos procesos de produción das normas, así como un aumento da súa transparencia para fomentar a participación da cidadanía na elaboración das normas, introducindo, tamén, elementos de calidade e control nos procesos de información pública.

A XUNTA DESTINA 140.000€ PARA PROMOVER ATA 2024 O ESTUDO DO GALEGO EN UNIVERSIDADES DO PAÍS VASCO, ITALIA E PORTUGAL

- *O Consello da Xunta autoriza os convenios coa Deustuko Unibertsitatea, a Euskal Herriko Unibertsitatea, a Universidade Nova de Lisboa e a Università degli Studi di Padova para a docencia, investigación e promoción da lingua e a cultura galegas*
- *Os acordos enmárcanse na liña de traballo do Goberno autonómico que permite que o galego sexa obxecto de estudo en 36 universidades nacionais e internacionais*

A Xunta de Galicia vén de renovar a súa colaboración con universidades de distintas partes do mundo para promocionar ata 2024 a lingua, a literatura e cultura galegas no ámbito académico, tanto en España como en Italia e Portugal, cun investimento de preto de 140.000€. Concretamente, no eido internacional, o Goberno galego deu luz verde á colaboración coa Universidade Nova de Lisboa (Portugal) e a Università degli Studi di Padova (Italia). No ámbito nacional, renóvase a colaboración coa Deustuko Unibertsitatea e a Euskal Herriko Unibertsitatea, ambas no País Vasco.

En todos os casos a achega da Consellería de Cultura, Educación e Universidade permitirá a docencia, investigación e promoción da lingua e a cultura galegas, así como a organización de como cursos, conferencias, seminarios, congresos etc. Ademais da contía económica, o Goberno autonómico prestaralles a orientación e apoio pedagóxico e didáctico ás universidades que así o demanden e difundirá as actividades desenvolvidas ao abeiro deste acordo. Ademais, todos os centros, que xa veñen colaborando coa Administración autonómica desde hai varios anos, son unha referencia para o estudo do galego no seu ámbito territorial.

A autorización destes convenios supón un novo paso da Xunta de Galicia na súa liña de traballo para promocionar a lingua galega en distintas partes do mundo. Trátase dunha estratexia que permite que na actualidade o galego sexa obxecto de estudo en 36 universidades nacionais (9) e internacionais (27).

Programas formativos

Dentro das universidades que colaboran coa Administración autonómica, 27 contan con lectores –licenciados en Filoloxía Galega–, asentados en departamentos coñecidos como Centro de Estudos Galegos, que imparten materias de Lingua Galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Así mesmo, complementan os programas formativos numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais da colaboración cos centros de estudo, o Goberno galego tamén ten en marcha bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas en distintas universidades do mundo. Así, o pasado mes de abril, o Consello da Xunta autorizou a convocatoria pública de seis bolsas en distintas universidades de España e de países como Italia, Francia, Brasil ou Croacia, cun investimento global próximo aos 300.000 euros.

A XUNTA DEDICA 717.600 EUROS A RENOVAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN JOSEP CARRERAS PARA FOMENTAR A DOAZÓN DE MEDULA ÓSEA

- *Ao longo do ano 2020 leváronse a cabo en Galicia un total de 177 transplantes de medula ósea, dos que 34 foron de pacientes non emparentados*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación do convenio de colaboración que o Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), ten coa Fundación Josep Carreras. O obxectivo deste convenio é que se poida localizar un doador de medula ósea compatible para calquera paciente galego que o precise, buscando tanto no noso país como acudindo ao rastro de rexistros mundiais, se for necesario.

Para o desenvolvemento deste convenio, o orzamento estimado inicialmente ascende a 717.600 euros.

Ao longo do pasado ano 2020, o Servizo Galego de Saúde levou a cabo un total de 34 transplantes de medula ósea de pacientes non emparentados. Tamén se realizaron 34 transplantes de pacientes emparentados e 109 autólogos ou autotransplantes, o que fai un total de 177 transplantes de medula ósea en Galicia durante o dito período

Desde o ano 1993, en que se comezou a facer en Galicia este tipo de intervencións, xa se realizaron 3.591 transplantes de medula ósea na nosa comunidade

Tres tipos de transplantes de medula

Existen tres tipos diferentes de transplantes de medula, tamén chamados de proxenitores hematopoéticos: autólogo, aloxénico emparentado e aloxénico non emparentado. Os transplantes autólogos son aqueles en que se usan as células do propio paciente. Neles realízase a extracción deste tipo de células, que se tratan con medicación e que se utilizan para o tratamento do propio paciente.

Os transplantes aloxénicos emparentados son aqueles en que os doadores das células son familiares dos pacientes que son compatibles (algo que só sucede nun 25-30% dos casos); e os transplantes aloxénicos non emparentados son aqueles en que non se poden usar as células propias do paciente e non hai un doador compatible dentro da familia. Cando isto sucede, recórrese aos rexistros nacionais de doadores non emparentados e de unidades de sangue de cordón umbilical, de forma que cando un paciente necesita un transplante e non ten un familiar compatible se recorre ao Rexistro Español de Doadores de Medula Ósea (REDMO).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No caso de non atopar un doador nel, o REDMO conecta de forma automática co resto de rexistros internacionais de doadores de medula ósea e bancos de sangue de cordón umbilical, que agrupa a través do *Bone Marrow Donors Worldwide* (BMDW). En España isto faise a través da Fundación Josep Carreras, que é o rexistro que está autorizado no noso país para tal fin.

A XUNTA INCORPORARÁ ESTE ANO DOUS NOVOS HELICÓPTEROS LIXEIROS E CATRO BRIGADAS HELITRANSPORTADAS MÁIS PARA A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

- *Así o recolle o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga 2021), cuxa actualización foi aprobada hoxe polo Consello do Goberno galego*
- *Outras melloras destacadas son a creación dunha nova unidade de elite para a investigación dos lumes ou as novas funcionalidades para o cálculo dos custos de extinción, que facilitarán a reclamación dos gastos en procesos xudiciais*
- *Amplíase a rede de cámaras de vixilancia con 22 novos dispositivos, o que permitirá dispoñer xa de 142 e cubrir arredor do 70% do territorio*
- *Incorpóranse, ademais, os plans de prevención e formación, ambos xa en marcha, con actuacións no territorio e de mellora da capacitación de todo o persoal*

O Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga 2021) recolle a incorporación de dous novos helicópteros lixeiros máis ca o ano pasado no dispositivo da Xunta, o que supón tamén a achega de catro novas brigadas helitransportadas. Así, o número total de medios aéreos dispoñibles na tempada de alto risco de lumes, que coincide co verán, roldará a trintena, un número semellante ao dos últimos anos, incluíndo tanto os medios da Consellería do Medio Rural como os do Estado.

Esta é unha das principais novidades introducidas este ano na actualización do Pladiga, que aprobou hoxe o Goberno galego, tras o paso deste documento, o pasado luns, polo Consello Forestal de Galicia. Outras melloras tecnolóxicas do Pladiga 2021 teñen que ver coa implantación de novas funcionalidades para o cálculo dos custos de extinción, baseadas na aplicación de custos unitarios e tempo de traballo, o que facilitará despois a reclamación dos gastos en procesos xudiciais contra incendiarios.

Ademais, na tempada de alto risco implantarase o acceso ao persoal que intervén no incendio a toda a información operativa do lume, en tempo real. Isto significa coñecer o punto de inicio e evolución, os recursos asignados, os puntos de auga próximos, a cartografía, os datos meteorolóxicos, as descargas dos medios aéreos etc.

Outra mellora destacada é a creación dunha Unidade de Investigación de Incendios Forestais (UIFO), que estará formada por 15 membros da Escala de Axentes Ambientais e dependerá do director xeral de Defensa do Monte. Esta será unha unidade de elite, desvinculada dos labores de extinción, polo que poderá centrarse especificamente na investigación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cámaras de vixilancia

Por outra banda, consolidarase a rede de vixilancia no monte con cámaras de última xeración, coa instalación este ano de 22 novos dispositivos, o que permitirá dispoñer xa de 142 en toda Galicia, localizadas en 71 puntos estratéxicos, con especial atención ás parroquias de alta actividade incendiaria (PAAI) e ás zonas de alto risco de incendios. Polo de agora, as cámaras instaladas permitían cubrir o 60% do territorio galego e con estas incorporacións chegarase a abarcar unha porcentaxe aproximada do 70%.

En canto ás parroquias de alta actividade incendiaria, nas cales se intensifican os esforzos en materia de prevención e de disuasión, detección e investigación, este ano hai declaradas un total de 35, pertencentes a 25 concellos galegos, o que supón sete máis que o ano pasado.

Medios humanos e materiais

Os medios humanos e materiais mobilizados no Pladiga mantéñense, en liñas xerais, en valores similares aos das últimas campañas. Así, o operativo estará de novo integrado por máis de 7.000 persoas en total, contabilizando tanto os profesionais propios da Xunta coma os doutras administracións.

Sobre os medios terrestres, cómpre indicar o incremento de 19 motobombas máis por parte dos concellos, que se suman ao dispositivo de loita contra incendios. Así, o número total de vehículos motobomba á disposición do operativo é de 378, sumando os da Xunta e os municipais.

Nesta liña, renovarase tamén o parque móbil do Servizo autonómico, coa adquisición de 6 novas motobombas e a renovación doutros vehículos. Neste sentido, cómpre lembrar ademais que hai algo máis de dous meses entregáronse 11 vehículos ao Servizo e que dende o ano 2013 o Goberno galego adquiriu un total de 88 novas motobombas, o que supón que se renovou máis da metade do total destes vehículos do dispositivo.

Prevención e formación

O Pladiga 2021 incorpora, a maiores, un completo plan de prevención, que se está a desenvolver e que ten como principais magnitudes a actuación en máis de 58.000 hectáreas de superficie, a intervención en preto de 5.000 quilómetros de pistas forestais e outras vías de comunicación e a realización de labores de mantemento nos case 4.000 puntos de auga existentes na nosa comunidade e a construción doutros 222 novos. Todo isto cun investimento de arredor de 30 millóns de euros.

Outro dos plans incluídos no Pladiga é o de Formación, co que a Xunta impartirá preto de 230.000 horas lectivas aos case 3.000 traballadores do Servizo, dentro dunha iniciativa que tamén se estenderá aos concellos e á cidadanía ata o ano 2024. Nesta

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

planificación inclúense catro programas, dous para o persoal da Xunta, outro para o dos concellos e un cuarto para a sociedade do rural.

Entre as accións previstas están 31 cursos, en modalidade presencial, telemática ou mixta, para os profesionais da Xunta, 40 iniciativas relacionadas coa seguridade laboral, cos grandes incendios e lumes de interface ou co manexo de equipamentos de traballo, para este mesmo persoal. Tamén se prevé a formación eminentemente práctica para os traballadores adscritos aos concellos e accións de concienciación para a poboación rural, así como formación en materia de autoprotección fronte ao lume.

Outra mellora na loita fronte aos incendios será a creación do novo Centro integral para a loita contra o lume, que se situará na localidade ourensá de Toén e que funcionará como un verdadeiro campus forestal grazas ás achegas dos maiores especialistas no comportamento e na análise dos incendios.

Ademais, cómpre lembrar tamén a próxima creación, no sur de Ourense, dunha moderna base de medios aéreos, que suporá un investimento de máis de 9 millóns de euros. Trátase dunhas instalacións enmarcadas no proxecto transfronteirizo Interlumes, que permitirán dotar esta área -unha das máis afectadas pola actividade incendiaria- duns modernos servizos para a anticipación aos incendios, mellorando tempos de resposta e optimizando os recursos na loita contra o lume.

A XUNTA EMPRENDE A SEGUNDA FASE DO PLAN DE EXPURGACIÓN COA CATALOGACIÓN DIXITAL DE MÁIS DE 1,5 MILLÓNS DE EXPEDIENTES XUDICIAIS

- *As actuacións nos 55 arquivos xudiciais de Galicia contan cun orzamento de case un millón de euros en 2021, cun incremento dun 900% respecto a anos anteriores*
- *A dixitalización permitirá organizar os depósitos xudiciais a través dunha aplicación informática como paso previo á que a Xunta de Expurgación decida sobre a conservación ou destrución dos expedientes*

O Consello da Xunta informou hoxe sobre a posta en marcha da segunda fase do Plan de expurgación dos arquivos xudiciais de Galicia, actuación que se centra, sobre todo, na catalogación dixital de máis de 1,5 millóns de expedientes xudiciais e que conta este ano cun orzamento de case un millón de euros.

Nos últimos anos, coa creación da Xunta de Expurgación Xudicial, emprendéronse actuacións iniciais para a posta en marcha do plan, que desembocaron na transferencia á dita xunta de máis dun millón de expedientes –que equivalen a dez quilómetros lineais de documentación- procedentes de 55 arquivos dos 45 partidos xudiciais que hai en Galicia. Ese complexo traballo –algúns arquivos estaban en moi mal estado ou estaban saturados e outros non estaban organizados- permitiu eliminar cen toneladas de pezas de convicción, o que tamén posibilitou liberar espazo nas sedes xudiciais.

A Dirección Xeral de Xustiza, dependente da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, emprende agora unha segunda e ambiciosa fase do plan que consiste na catalogación dixital, seguindo criterios arquivísticos, dos fondos documentais custodiados nos depósitos dos arquivos xudiciais, como paso previo a que a Xunta de Expurgación decida sobre a conservación ou a destrución dos expedientes. O proceso permitirá tamén organizar os depósitos documentais a través dunha aplicación informática e mellorar a catalogación e ordenación dos arquivos.

Para estas actuacións, os orzamentos xerais de Galicia recollen este ano dúas partidas, unha de 196.700 euros para actuacións de expurgación e outra de 790.000 para a dixitalización xudicial. En total son case un millón de euros, o que supón incrementar en 2021 nun 900% as partidas que se destinaron en anos anteriores a estes traballos.

A Xunta puxo en marcha a tramitación para un primeiro e ambicioso contrato de servizos para a catalogación dixital dos arquivos xudiciais. Por unha banda, permitirá continuar cos traballos que se realizaron nos últimos anos nos arquivos territoriais e, por outra, estender as actuacións a un conxunto importante de arquivos específicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cun orzamento de licitación de 786.984 euros, o contrato incluirá o tratamento dun mínimo de 146.340 unidades de instalación (caixas de arquivos, atados, mazos, carpetas ou catapacios) que se estima que conteñan sobre 1,5 millóns de expedientes xudiciais en máis de 20 quilómetros lineais de documentación arquivada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS**A XUNTA INVESTIU CASE 2 MILLÓNS DE EUROS NO PLAN DE CHOQUE NA ADMINISTRACIÓN DA XUSTIZA PARA FACER FRONTE Á COVID-19**

- *Os reforzos e investimentos extraordinarios para axilizar a actividade xudicial benefician 18 xulgados do Social e do Mercantil, a catro seccións das audiencias provinciais e a Sala do Social do TSXG*
- *Puxéronse en funcionamento tres novos xulgados do Social na Coruña, Lugo e Vigo, e está prevista a creación dun xulgado do Mercantil na Coruña, así como dúas prazas de maxistrado nas audiencias provinciais de Lugo e Ourense que atenden asuntos de mercantil*

O Consello da Xunta deu conta da segunda fase do plan de actuación da axilización da xustiza en Galicia para facer fronte á COVID-19, cun investimento de 1,7 millóns de euros por parte da Xunta para gastos de persoal, mobiliario e equipamento informático. Sumados aos 271.813 euros investidos na primeira fase en reforzo de persoal, supón un investimento de preto de 2 millóns de euros por parte da Administración galega na resposta ao impacto da crise sanitaria na Administración da xustiza.

O impacto da crise sanitaria supuxo, no eido da Administración da xustiza, unha redución xeneralizada da actividade non esencial durante o primeiro estado de alarma de 2020. Para facer fronte a esa demora e ao previsible incremento da litixiosidade, púxose en marcha un plan de actuación dividido en dúas fases.

A primeira fase, desenvolvida en Galicia entre setembro e decembro do 2020, concentrouse en medidas de reforzo nos 26 xulgados do Social e do Mercantil, así como na creación de tres novos xulgados do Social na Coruña, Lugo e Vigo, do cal deu conta o Consello da Xunta do pasado 23 de xullo de 2020.

A segunda fase do plan de choque desenvólvese neste ano 2021. Por unha banda, mantéñense as medidas de auto-reforzo -con prolongacións de xornadas de traballo do persoal- e de reforzo externo -con novas contratacións- implementadas na primeira fase e, por outra, aplícanse medidas similares para os órganos de segunda instancia competentes en Social e Mercantil.

Novas medidas e investimentos

As novas medidas afectan 18 xulgados galegos do Social e do Mercantil que presentan un elevado volume de traballo; tamén as catro seccións das audiencias provinciais con competencia en mercantil e a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG). A maiores, preveuse a creación de catro equipos de asignación dinámica á disposición do Tribunal Superior, con apoio de funcionarios dos corpos xerais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, o pasado 31 de marzo entraron en vigor os novos xulgados do Social da Coruña (n.º 7), Lugo (n.º 4) e Vigo (n.º7), e está prevista a creación do Xulgado do Mercantil n.º 3 da Coruña e de dúas prazas de maxistrado nas seccións das audiencias provinciais de Lugo e Ourense que atenden asuntos de mercantil.

Estas actuacións supoñen un investimento de 1.715.965 euros en Galicia no ano 2021. Os investimentos en materia de persoal ascenden a 1.585.965 euros. Nesa cantidade inclúense medidas de auto-reforzo de persoal, con 85 prolongacións de xornada nas cales se investiron 272.440 euros, así como reforzo de persoal externo por valor de 398.938 euros pola contratación de 13 auxiliares. En canto á cantidade destinada a persoal pola entrada en vigor dos tres novos xulgados do Social, elévase a 728.692 euros. Por último, o Ministerio de Xustiza deu luz verde á proposta da Xunta, consensada na Comisión Mixta do TSXG, de dar prioridade ao Xulgado Mercantil n.º 3 da Coruña na programación de creacións de novos xulgados no presente ano, actuación na cal se prevé un investimento de 185.894 euros en persoal.

No mobiliario e no equipamento informático das tres novas salas do Social como nos da que se prevé constituír este ano investiranse 120.000 euros, aos cales hai que engadir 10.000 máis para dotar de medios as dúas prazas de maxistrado previstas nas audiencias provinciais de Lugo e Ourense.

Na primeira fase do plan investíronse 271.813 euros, tanto en medidas de auto-reforzo como na contratación de persoal externo, polo que o investimento total para adaptar a xestión da xustiza en Galicia ás necesidades da pandemia ascendeu a 1.987.778 euros, case 2 millóns.



A XUNTA DESTINA 14M€ A MEDIDAS ESPECÍFICAS DE APOIO AOS SECTORES ESTRATÉXICOS PARA IMPULSAR A SÚA REACTIVACIÓN A TRAVÉS DA DIXITALIZACIÓN E O ACCESO A FINANCIAMENTO

- *As iniciativas están dirixidas especialmente á industria téxtil, ao naval e á automoción, así como ás pemes e aos autónomos dos ámbitos produtivos máis afectados no actual contexto económico*
- *A previsión é colaborar con 1.000 proxectos para que impulsen a súa transformación tecnolóxica, ao tempo que se lles achega liquidez para realizar investimentos*
- *O obxectivo é contribuír á recuperación da actividade e á mellora competitiva das pequenas e medianas empresas*
- *Incrementáanse ata o 70% as axudas directas para proxectos de dixitalización para as pemes da moda e confección, construción naval e automoción, e nun 50% para o resto de sectores*
- *Poderán dispor de bonificacións especiais nos xuros dos préstamos concedidos polas entidades financeiras a través da liña que facilita o acceso ao crédito mediante avais da Administración autonómica*

O Goberno galego incluíu medidas específicas de apoio ás pemes e aos autónomos de sectores estratéxicos para a economía de Galicia a través dos programas de axudas á dixitalización e de apoio ao financiamento que se activarán nas vindeiras semanas por un importe que, en total, supera os 14 millóns de euros e co que se prevé mobilizar ao redor de 63M€. Como se informou esta mañá no Consello da Xunta, o obxectivo destas iniciativas é prestar especial atención á industria téxtil, ao naval e á automoción, así como contribuír á recuperación da actividade e á mellora competitiva dos ámbitos produtivos máis afectados no actual contexto económico.

Deste xeito, as pequenas e medianas empresas do comercio, o turismo e os servizos e de industrias como a téxtil, a naval, a audiovisual, o transporte ou o ocio, entre outras, terán á súa disposición apoios específicos para facilitar a súa transformación tecnolóxica e achegarlles liquidez para realizar investimentos ou garantir operacións do día a día. A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación achegará máis de 14M€ ás próximas convocatorias das liñas de axudas directas que incorporan estas medidas (7,4M€) e das liñas de financiamento (6,75M€), coas cales se prevé colaborar con ao redor de 1.000 proxectos.

Así, no caso concreto da nova edición das axudas á dixitalización, que abrirá o prazo de solicitudes o vindeiro 2 de xuño, cómpre destacar que inclúe un incremento dos apoios ata o 70% no caso das pequenas e medianas empresas dos sectores téxtil e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

moda, a automoción e a industria auxiliar do naval. O aumento será do 50% nos investimentos realizados no resto das pemes de calquera ámbito produtivo.

Cofinanciados polos fondos Feder, os proxectos de dixitalización apoiados poderán ser tanto individuais como realizados en colaboración a través de agrupacións de empresas. No primeiro caso, poden destinarse ao desenvolvemento de interfaces dixitais ou á implantación de solucións xa existentes para as interaccións con clientes e provedores; a posta en marcha de sistemas de intelixencia artificial, aprendizaxe automática e toma de decisións autónomas, interconexión de elementos físicos e virtuais, tratamento de datos captados e ciberseguridade; ou a implementación de sistemas para a dixitalización de procesos concretos ou de xestión integral. As iniciativas colectivas poderán consistir tamén na utilización e implantación de sistemas de interacción dixital ou de xestión integral especializados de uso común.

Esta liña complementábase cos apoios á realización de talleres de dixitalización, organizados por clústeres e colectivos empresariais, nos cales se crean espazos de colaboración entre pemes para explorar solucións tecnolóxicas e a implementación de ferramentas dixitais colaborativas, así como oportunidades de hibridación entre sectores produtivos. Estes espazos dispoñen do financiamento do 100%.

Incremento das bonificacións para xuros de créditos

A outra medida dirixida aos sectores máis afectados polas consecuencias económicas da pandemia son as bonificacións especiais nos xuros dos préstamos concedidos polas entidades financeiras a través da liña que facilita o acceso ao crédito mediante avais da Administración autonómica, e que disporá, na convocatoria que se abrirá as vindeiras semanas, dunha dotación de 6,75 millóns de euros.

Neste sentido, pemes e persoas autónomas poderán acceder a préstamos de ata un millón de euros con bonificacións de xuros que poden acadar o 1,5% e que contarán co reaval, a longo prazo, do Igape. Estes apoios inclúense no programa que facilita financiamento ao tecido produtivo mediante un convenio entre a Xunta, as entidades financeiras e as dúas sociedades galegas de garantía recíproca (SGR).

A XUNTA DESTINA 2,2 MILLÓNS DE EUROS Á LOITA CONTRA A COVID-19 NAS ÁREAS SANITARIAS DA CORUÑA E CEE E DE PONTEVEDRA E O SALNÉS

- *A maior parte deste investimento vai para material de laboratorio e equipamentos de protección individual, e o orzamento complétase coa contratación de determinados traballos e servizos*
- *A adquisición de todo este material e a contratación de obras e servizos xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da COVID-19 que elaborou no seu día o Comité de expertos*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación de emerxencia de dous expedientes de contratación, por valor total de 2.224.060 euros, para subministrar material fronte á COVID-19 na Área Sanitaria da Coruña e Cee e na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés. Parte deste orzamento destínase tamén á realización de determinados traballos e servizos na área sanitaria pontevedresa.

O primeiro dos expedientes aprobados hoxe, cun valor total de 1.115.323 euros, atinxe a Área Sanitaria da Coruña e Cee. A totalidade deste orzamento dedícase á compra de equipamentos de protección individual e material sanitario por valor de 828.090 euros, e material de laboratorio, ao cal se dedican 287.233 euros. Na adquisición de equipamentos destacan as partidas para luvas de exame de nitrilo, cun importe de 479.746 euros; os 145.520 euros destinados a batas EPI protectoras impermeables e 40.345 euros para máscaras de protección sen válvula FFP2.

A isto hai que engadir 28.375 euros para gorros cirúrxicos dun só uso, 27.863 euros para batas protectoras estériles dun só uso, 18.410 euros para desinfectantes de mans, 17.000 euros para máscaras cirúrxicas e 13.500 euros para calzas. Complétase o orzamento coa adquisición de material como cánulas para osixenoterapia, sistemas de administración para bombas de nutrición, etc. En canto ao material de laboratorio, a práctica totalidade do orzamento vai para a compra de diversos tipos de kits de detección da COVID, ademais de medio de transporte para mostras nasofarínxeas.

En canto ao expediente referido a compras e servizos para a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, recolle un orzamento total de 1,108.737 euros. Deles, 288.404 euros destínanse á adquisición de 1.275.000 luvas de nitrilo e vinilo, 22.000 batas EPI protectoras e 150.000 máscaras cirúrxicas de protección. Tamén recolle unha partida de 239.235 euros para material de laboratorio, concretamente 6.700 kits de detección rápida, 1.400 kits de detección RNA e 13.000 medios de transporte para virus con escobillón.

En canto aos servizos, a maior parte do orzamento, 344.156 euros, é para servizo de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

limpeza e aseo. A isto hai que engadir unha partida de 124.396 euros para transporte, 74.561 euros para seguridade entre outros.

A adquisición de todo este material e da contratación de obras e servizos detalladas xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da COVID-19 que elaborou no seu día o Comité de expertos no seguimento do coronavirus, e que recolle, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles repuntas. O Comité de expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das áreas sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urgencias hospitalarias.

GALICIA PORÁ EN MARCHA UN PLAN DE CHOQUE EN DEPENDENCIA PARA AXILIZAR O SISTEMA E REDUCIR OS TEMPOS DE ESPERA

- *Prevé implantar unha simplificación normativa e administrativa, redefinir o Programa individual de atención (PIA), reducir os tempos de espera nas valoracións e crear novas vías preferentes*
- *Crearanse novos centros de valoración e equipos itinerantes, optimizaranse as rutas que seguen os valoradores a domicilio e mellorarase o modelo de xestión de citas, entre outras medidas*
- *Porase en marcha unha campaña didáctica para achegar aos galegos o proceso de solicitude de dependencia dun xeito sinxelo e claro*

O Consello da Xunta revisou o Plan de choque en dependencia, centrado nunha simplificación do sistema que busca reducir os tempos de espera e atender a todo aquel que o precisa coa máxima axilidade. Así, Galicia abordará a reforma máis ambiciosa do sistema desde o ano 2006, co cal lle dará un impulso histórico. Deste xeito, o documento recolle, entre outros aspectos, unha simplificación normativa e administrativa, a redefinición do Programa individual de atención (PIA), a axilización das valoracións e a creación de novas vías preferentes.

Facilitar e simplificar o acceso aos recursos de atención á dependencia é o fin último deste documento, que recolle medidas concretas como reducir á metade o formulario necesario para solicitar a dependencia, para o cal unicamente será necesario presentar un informe médico e outro social. Ou fusionar o recoñecemento de grao coa determinación do recurso máis axeitado para cada persoa, o PIA, para que o cidadán poida obter a súa axuda a través dun único trámite.

Neste sentido, redefinirase o concepto de PIA para facelo máis completo e duradeiro. Así, o programa comportará unha prestación económica pública e incluírá alternativas ao servizo preferido para que, en caso de que a primeira opción do solicitante non conte con prazas dispoñibles nese momento, poida ter acceso ás seguintes opcións.

Facilitar o traballo dos valoradores

Este plan de choque en dependencia tamén inclúe medidas para axilizar e facilitar o traballo dos profesionais públicos que valoran a dependencia, como crear novos centros de valoración; equipos de valoradores itinerantes, unha medida que xa se está a aplicar na provincia de Ourense; optimizar as rutas que seguen os valoradores a domicilio, que xa se está a probar na provincia de Lugo; mellorar o modelo de xestión de citas e poñer en marcha novos equipos de valoración.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, Galicia vai crear novas “vías preferentes” para que as persoas que padezan certas doenzas accedan á dependencia. É o mesmo sistema que xa permitiu que as solicitudes das persoas con esclerose lateral amiotrófica (ELA) se tramiten en menos dun mes.

O documento tamén alberga outras novidades, como facilidades para xustificar os pagamentos dos bonos de residencia, centro de día, axuda no fogar ou asistente persoal; reducir o papelame para percibir a axuda por coidador no contorno familiar e universalizar o uso da historia social única electrónica (HSUE) para a comunicación entre os servizos sociais autonómicos, os municipais e os sanitarios.

Ademais, para que todos os galegos poidan ter claro de xeito sinxelo como acceder ao sistema de dependencia, vaise poñer en marcha unha campaña didáctica sobre o proceso de solicitude, que procura aclarar as dúbidas e explicar os trámites.